Proxecto de investigación
Estudo comparativo de temperatura e salinidade entre as rías de ...

A temperatura da auga é un dato fundamental para os estudos oceanográficos. Aínda que o coñecemento da temperatura nun momento determinado pode ser interesante, normalmente é máis importante saber como cambia a temperatura ao longo do tempo. Ese será precisamente o noso tema de investigación. Imos analizar os cambios de temperatura e salinidade entre distintas rías ao longo do último ano. Estudaremos mínimo catro rías localizadas a certa distancia.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
   Na seguinte páxina (enlace) podedes producir gráficos e táboas cos datos de temperatura e salinidade das estacións de seguimento dispoñibles en Galicia.
2. Buscamos información.
   a. De que depende a temperatura da auga costeira? Ten algunha relación cos ventos dominantes? E coa estrutura da ría? Esperamos augas máis frías nas rías cantábricas?
   b. De que depende a salinidade da auga costeira? Cambiará entre as distintas rías?
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   Esperamos moita variación de temperatura e salinidade? Que ría esperamos que sexa máis fría? As rías máis frías serán as do norte? E as máis salinas serán as máis estreitas?

4. Realizamos un deseño de investigación para comprobala. Podemos obter os datos que necesitamos na aplicación de Intecmar. Na primeira páxina eliximos o lugar do que obteremos os datos.

Na frecha vermella chegamos aos datos.

Pinchando sobre gráfica temporal obtemos os datos en forma de gráfica.

Nestes apartados decidimos o intervalo de tempo dos datos. O noso estudo será anual así que sacaremos unha gráfica por ano.

5. Resultados da nosa investigación. Como varían a salinidade e a temperatura. Varían igual en todas as rías...
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.